

GATIPEDRO

O gatipetro é un gato branco que ten na cachola un corno mouro; o gatipetro vén polas noites ás casas, e párase nas habitacións nas que hai nenos durmindo. Entón o gatipetro ponse a verquer auga polo seu corniño, e o neno, en soños, escoitando o pingar da fontíña aquela, soña que mexa, e de verdade mexa na cama.



Para espantar o gatipetro abonda con botar unhas areas de sal á porta do cuarto e ao pé da fiestra. O gatipetro anda apoiándose, ademais de nas catro patas, na lingua, e probando con esta o sabor do sal, o gatipetro dá a volta e prosegue a súa nocturna viaxe, deixando os nenos da casa en paz.

ÁLVARO CUNQUEIRO: **Fauna máxica**, en *Escola de menciñeiros* (1960)

☺ **Actividade** en **parellas** ou en **grupos** de **tres**.

Tomade como modelo este relato da Fauna máxica de Cunqueiro e **inventade** o voso **animal fantástico**.
